

Información sobre o desenvolvemento do 3º trimestre

Curso 2019/20

Devido á suspensión das clases presenciais pola situación de emerxencia sanitaria ocasionada polo COVID-19 e seguindo o indicado no *R.D. 463/2020*, na *Orde EFP/365/2020* e nas *Instrucións do 27 de abril de 2020*, da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20*, nos centros docentes da *Comunidade Autónoma de Galicia*, o **CMUS Profesional de Santiago de Compostela** informa:

1. CAMBIOS NO CALENDARIO ESCOLAR

- A actividade lectiva rematará o 29 de maio para todo o alumnado do centro, incluído o alumnado que está a cursar 6ºGP e 2ºBAC.
- As cualificacións finais poderanse consultar na plataforma CENTROSNET a partir do 5 de xuño.
- As probas de acceso a 1ºGE e 1ºGP, previstas para a 3ª semana de xuño, aprázanse ata que as circunstancias sanitarias permitan a súa celebración.
- Os Premios de Fin de Grao Profesional levaranse a cabo previsiblemente do 15 ao 19 de xuño de xeito telemático.

2. ADAPTACIÓN DA ACTIVIDADE LECTIVA

- O profesorado do centro continuará coa súa labor docente de xeito telemático, polos medios e coas ferramentas que ven utilizando nas últimas semanas.
- Nas materias que sexa posible continuarase avanzando conforme ao previsto nas programacións. Nos casos nos que, pola natureza dos contidos, da

materia ou da situación do alumnado, esto non sexa posible asignaranse tarefas de reforzo que complementen o traballado nos trimestres anteriores.

- O profesorado do centro reforzará a súa labor titorial prestando especial atención a resolver calquer dúbida que poida xurdir no alumnado ou nas súas familias e a identificar e poñer en coñecemento do centro as dificultades de conexión ou de calquer outro tipo que poidan precisar de medidas específicas para evitar, na medida do posible, que se interrumpa a actividade lectiva.

3. MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

- As programacións didácticas de todas as materias serán revisadas e modificadas para centralas nas competencias e aprendizaxes imprescindibles neste 3º trimestre. Dadas as circunstancias excepcionais prestarase especial atención á adaptación dos criterios de avaliación establecidos para cada curso. Ditas modificacións publicaranse na páxina web do centro á maior brevidade posible.
- Nas materias nas que unha parte do seu currículo non poida desenvolverse conforme ao previsto, esta parte incorporárase a algunha das programacións das materias do curso seguinte.

4. AVALIACIÓN FINAL DO CURSO

- A avaliación do alumnado nas diferentes materias, tendo en conta o seu carácter continuo, poderase determinar en función das avaliacións previas (1º e 2º trimestre) e dos datos obtidos nas actividades desenvolvidas no 3º trimestre, que en todo caso non minorarán as súas cualificacións anteriores.
- Nas materias nas que sexa necesario, e así se establecera na programación didáctica correspondente, poderanse realizar probas ou actividades de

avaliación, neste caso con carácter non presencial e polas canles e coas ferramentas utilizadas ata ese momento na materia. As datas que se establecen con carácter xeral para a realización de ditas probas son do 18 ao 29 de maio.

5. PROMOCIÓN E PERMANENCIA NAS ENSINANZAS

- Non se terán en conta as limitacións para superar o curso que afecten ao número de materias con avaliación negativa.
- O alumnado de 6ºGP que tivese 3 ou mais materias pendentes de avaliación positiva ao final do presente curso poderán formalizar matrícula no curso 2020-21 só das materias pendentes.
- Amplíase nun ano o límite de permanencia nas ensinanzas elementais e profesionais de música, tanto no que atinxe á permanencia na totalidade do grao coma en cada un dos cursos.
- Poderanse flexibilizar os criterios de titulación, tendo en conta a madurez académica do alumno/a en relación cos obxectivos xerais e as competencias profesionais da titulación. Non obstante, para que un alumno ou alumna excepcionalmente obteña o correspondente título das ensinanzas profesionais de música sen superar a totalidade das materias deberá ser proposto por acordo do equipo docente.

Santiago de Compostela, a 29 de abril de 2020.